



A Gran Muralla chinesa. // Arquivo

Onde as estremas

Poesía O arrecendo das flores perdura como límite do corazón humano nas páxinas recentes de Luz Pozo

O poema más fermoso de todos os que se conservan da célebre poeta chinesa clásica Li Qingzhao (nacida Li Yián no ano 1084) é aquel onde verque toda a tristeza que lle produce o feito de estar moi lonxe do seu amado e que remata con estes versos: “entre os meus dedos/ enrolaba pétalas murchas/ así/ desprendíanse/ os seus últimos perfumes/ así/ alongábase un pouco más/ o tempo”. Esta mesma vocación, a de suspender o paso das horas, é a que move a Luz Pozo Garza, moitos séculos despois, a expresar no seu último poemario, *Deter o día cunha flor*, o desexo de liberar esa “alma en vilo na promesa da flor”, pois é a sutil materia que está encerrada nas pétalas a única que pode perpetuar o tempo.

Xa Séneca deducira que “tódalas cousas nos son alleas; só o tempo é noso”, por iso faise preciso preservalo por medio da acción benéfica que exercen sobre el todos os elementos que pertencen á “liñaxe da fábula”: unha flor, o hálico dunha nube, as palabras da chuvia, unha folla de neve, os fios do silencio... Con estes delicados vimbios poéticos constrúe Luz Pozo Garza moi boa parte da súa obra e tamén este recente volume que, en

palabras do seu prologuista Xulio Valcárcel, é unha “unidad dual” pois conxuga dúas linguaxes: a da poeta e a do gravador, un José Valentín que xa colaborara noutros poemarios (como *Atmosferas* [Deputación da Coruña, 2007] de Olga Patiño) pero que neste acada alturas sublimes na utilización dos materiais e das cores chegando a estableceren os versos e as imaxes un intenso e enriquecedor diálogo. Así, se as palabras nos guían desde o Aleph, percorrendo a “vía secreta dunha flor”, até o paraiso que habitará unha Beatriz solitaria tras da morte de Dante; os gravados axudan a comprender o enigma do verso coas súas metáforas plásticas.

Tematicamente, *Deter o día cunha flor* atende a varios polos xa habituais na escritora como son a pescuda nas orixes do ser –sobre todo na primeira parte, “Aleph”, que devén nunha cosmogonía onde o eu procura o Graal, o círculo solar, a comuñón definitiva coa vida mesma–, o misterio do tempo á fuga –grazas ao encontro cos versos de Li Yián, quen inspira a Luz Pozo a vontade de “deter o día” e actúa de referente nos poemas da segunda parte–, a dualidade do ti e o eu –tendo “a alma en vilo na promesa da flor”, ese *lotus* que a poeta xa brindara ao seu amor definitivo en

**Deter o día
cunha flor**

Luz Pozo Garza,
José Valentín
(ilustracións).
Baía, 2009.



104 páx. · 19,90 euros

Prometo a flor de loto (Deputación da Coruña, 1992) e agora ilumina un treito deste novo poemario–, e por último, a volta ao paraíso tras da “fuga celeste” que leva a Beatriz pola Vía Láctea e que lle revela a vida como “un delirio perdurable”. Así, o eu percorre todas as vías unitivas –eses camiños celestes e terreos, como a Vía Láctea ou o Camiño de Santiago– que a elevan ao coñecemento e á luz pero tamén a achegan á alma da rosa, ás compartidas violetas de Castrellos, ás lilas, camelias e glicinas descubertas co amor, ás flores de xenciana e peamenteiro coas que adorna as súas filigranas Li Yián e, en definitiva, ao loto que é o símbolo último da unidade invisible, e indivisible, que forman os amantes. Desta maneira, en todas as páxinas de *Deter o día cunha flor* perdura o delicado arrecendo das flores, ese enigmático límite que sinala as estremas do corazón humano e que nos imbúe de clarividencia.

// Teresa Seara